

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que dende 2016 publica traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo.

Neste novo Vol. 7 de *CUMIEIRA* (2022) recóllense cinco investigacións. A publicación iníciase co traballo de Lucía Salceda García, que reflexiona sobre a imaxe que se foi creando dentro do sistema literario galego da muller como «coidadora», a partir da análise de varias obras literarias de contextos temporais distintos. A autora conclúe que os personaxes femininos seguen a desempeñar o labor de coidadoras dentro das historias literarias, fomentando así a perpetuación dos roles de xénero.

A continuación vén a investigación de María Pol López sobre o uso da gheada en tres xeracións de familias do concello de Lalín, empregando nela a metodoloxía dos estudos de cambio lingüístico en tempo aparente e da lingüística popular. A autora conclúe que, cuantitativamente, o uso da gheada redúcese conforme a idade dos entrevistados e, cualitativamente, que a gheada é un sinal de identidade.

No terceiro traballo, Andrea Gamallo Valladares analiza as actitudes lingüísticas do alumnado de 1º de Bacharelato de cinco centros educativos, públicos e privados, da cidade de Vigo. Tras a análise das enquisas realizadas, a autora conclúe que o perfil do centro inflúe significativamente na construción das actitudes lingüísticas, pero tamén teñen peso outros factores como as redes sociais, os medios de comunicación, as relacións con outras persoas ou o hábitat.

Pola súa parte, Uxía Esmeralda Casabianca Rodríguez investiga o uso das formas de tratamento (*ti* e *vostede*) en tres xeracións de familias de toda Galicia a partir dos datos dun cuestionario. No seu traballo conclúe que no galego, coma noutras linguas, produciuse e aínda se está a producir un cambio lingüístico no sistema das formas pronominais de tratamento, de xeito que as formas solidarias (*tí*) están substituíndo ou substituíron xa as formas de cortesía (*vostede*) para o tratamento con todos os membros da familia, independentemente da súa idade e posición na rede de relacións.

Finalmente, pecha este Vol. 7 o traballo de Sol Vilas González, que examina o papel dos medios de comunicación no proceso de normalización do galego, analizando a influencia do programa Xabarín Club na etapa infantil e xuvenil. Tras o contraste dos

datos das enquisas realizadas a dous grupos de persoas de diferente idade (a da Xeración Xabarín e a da xuventude actual), a investigadora constata que a mocidade actual, que non tivo acceso a un contido televisivo de calidade en galego, está máis castelanizada.

Neste Vol. 7 de *CUMIEIRA* (2022) fixeron parte da Comisión de revisión científica, Benigno Fernández Salgado, Ana Iglesias Álvarez, Antía Monteagudo Alonso, Xosé Soto Andión e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

Dende o número inicial, *CUMIEIRA* tira unha edición en papel, que se envía ás principais bibliotecas galegas (UVigo, USC, UdC, ILG, Fundación Penzol, RAG, Consello da Cultura Galega, CIRP, EMAO, Museo de Pontevedra etc.) e máis ás das facultades de filoloxía das Universidades do Minho, Complutense, de Barcelona, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, estes volumes poden descargarse gratuitamente en PDF no enlace <<http://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega-2/>>.

As páxinas de *CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* están abertas a calquera traballo de novos investigadores e investigadoras no ámbito da lingua e literatura galegas, lusófonas e doutras linguas, sempre que resulten de interese para o galego. No final deste volume poden verse as *Normas* de presentación que se deben seguir.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo